


ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do Anuario Brigantino agradece a colaboración especial que para este apartado tivo por parte dos corresponsais locais de "La Voz de Galicia" e "El Ideal Gallego", D. Antonio Naya Salorio e D. Eusebio Tenreiro García.

Agradecemos así mesmo a colaboración gráfica de: Arume, Estudios Blanco, Faraldo, Fersal, Gabín, Novío, "La Voz de Galicia", "El Ideal Gallego", ...



Unha ollada desde o antigo mosteiro de San Francisco de Betanzos. Foto, Alfredo Erias.

Xaneiro 1991

Nos primeiros días do ano remata a programación que para as Festas de Nadal e Aninovo fixo a Delegación Municipal de Cultura e Deportes, que contou coa colaboración das entidades culturais e deportivas de Betanzos e levou consigo unha serie de acontecementos de diversa índole, publicados xa no "Concello Betanceiro", nº 5, de decembro de 1990.

Xaneiro de 1991

Chama a atención de propios e extraños o nacemento mecánico que se instalou na igrexa de Santo Domingo baixo a dirección de Don Manuel López Castro.



3 e 4 de xaneiro de 1991

Na Aula Municipal de Cultura e coa organización da Delegación Municipal de Cultura e o patrocinio da Xunta de Galicia, tiveron lugar as "VII Xornadas de Jazz", contando o primeiro día coa actuación da "Antonio Cal Jazz Band" e o segundo con "Nani García Trío".

5 de xaneiro de 1991

Deuse sepultura en Betanzos a Don Vicente Pérez Vega, fiscal do Tribunal Superior de Galicia, quen ademais exercera moitos anos a súa profesión na cidade.

5 de xaneiro de 1991

Neste día deuse sepultura a Don Jesús Lavandeira, máis coñecido por "Ladrillo", último guerreiro da comarca brigantina, que integrou durante anos a cuadrilla de Foucellas.

5 de xaneiro de 1991

Como cada ano tivo lugar a tradicional Cabalgata de Reis, enchendo de ledicia a nenos e maiores. Organizouna a Asociación de Veciños de Santa María-A Ribeira. Iniciaron o percorrido na Rúa de Nosa Señora ás 5 da tarde e remataron no adro de Santo Domingo. Interviron: Agrupación de folclore galego de S. Pedro de Nós "Os Rueiriños", Grupo Musical folklórico de Seixas (Portugal), "Pasiño a Pasiño" da Angustia (Betanzos), Escola de Música "Sementeira" de Anceis, etc.

9 de xaneiro de 1991

Tivo lugar no Concello unha recepción de membros do Club da Terceira Idade de Caixa Galicia. O acto foi presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.



11 de xaneiro de 1991

Coñécese pola prensa que os brigantinos Antonio Varela (categoría cadete) e Javier Rey Fernández (xuvenil) foron os primeiros galegos clasificados no Campeonato Nacional de Ciclo Cros, celebrado en Euskadi.

21 de xaneiro de 1991

Os alumnos do Instituto de Formación Profesional de Betanzos cortaron o tráfico da N-VI en diversos momentos do día, dentro dunhas xornadas de folga en protesta polas deficiencias na dotación dos talleres do centro.



29 de xaneiro de 1991

A Súa Maxestade o Rei de España, Don Juan Carlos I, recibiu no Pazo da Zarzuela ó Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, na súa calidade de membro da Asociación de Alcaldes para o V Centenario do Descubrimento e como representante da Comunidade Autónoma Galega.

31 de xaneiro de 1991


Por estas datas rematáronse as obras do Paseo Marítimo e Malecón na zona da Ponte Vella.

Finais de xaneiro de 1991

Empezan a funcionar a pleno rendemento a depuradora de augas potables e a depuradora de augas residuais.

1 de febreiro de 1991

Ó quitar a madeira, moi deteriorada, da igrexa gótica de Santa María do Azougue, apareceu o chan primitivo, feito de lousas de cantería numeradas, debido a que debaixo están antigos enterramentos.





1 de febreiro de 1991

Rehabilitado o edificio do antigo Colexio de Horfas, tivo lugar a inauguración no mesmo dun Centro Social da Terceira Idade, baixo a presidencia do Tenente de Alcalde, Don Antonio Lagares Pérez e coa asistencia de outras autoridades e representacións.

1 de febreiro de 1991

O concelleiro de Emigración do Concello de Betanzos, Don Andrés Beade Dopico, foi designado representante en Galicia da Federación de Sociedades Galegas de Arxentina, en recoñecemento á colaboración que ben prestando ós colectivos galegos daquel país.



5 de febreiro de 1991

O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, recibiu no Concello á Xunta Directiva da Sociedade Recreativa Cultural e Deportiva de Betanzos, presidida por Don Antonio Gómez-Iglesias Casal.



7 de febreiro de 1991

O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, recibiu no Concello ó presidente da *Asamblea Local da "Cruz Roja Española"*, Don Juan Suárez Barros e ó secretario, Don Marcelino Alvarez López con quen tratou diversas maneiras de colaboración entre as dúas entidades, entre as que destaca a cesión por parte do Concello dun local na Praza de Alfonso IX.

13 de febreiro de 1991

Os actos organizados polo Concello (concretamente pola concellería de Festexos) para o "Carnaval-91" remataron este día coa "queima do Antroido" (en figura de dragón e realizado na Escola Taller de Betanzos) que, acompañado de comparsas e choqueiros, percorreu diversas rúas da cidade ata que ardeu finalmente na Praza do Campo. O día anterior houbo na mesma praza un concurso de disfraces e unha verbena moi concurrida.

15 de febreiro de 1991

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado polo secretario da Corporación, Don Julio Emilio García Crespo, trasladouse á Coruña para manter unha entrevista co delegado de Facenda D. Enrique Horro. Na mesma formalizouse a cesión do antigo Hospital de San Antonio ó patrimonio do Estado para a instalación nel dos xulgados, Policía Local e Depósito Comarcal de Detidos.




Marzo de 1991

Por este tempo, están moi avanzadas as obras de construción da nova Ponte do Carregal, na que xa se situaron as vigas que cruzan o río Mendo. Ó mesmo tempo, neste mes xa se estaba a anchar o que se coñece como Avenida do Carregal.

8 de marzo de 1991

Dentro do Ciclo de Teatro que por estas datas organizou a Delegación Municipal de Cultura, neste día actuou na Aula Municipal de Cultura o grupo "Avelañá" de Betanzos, dirixido polo profesor Daniel Martínez (na fotografía). Representou as obras: "la bruja sin escoba" de Florencio Grau; "Las aceitunas", de López de Rueda, e "A estatua", de Eulogio R. Rufz.

O 16 do mesmo mes voltou o teatro coa obra de Kukas "A rúa das balconadas" en clara alusión á Bienal Internacional "Balconadas" que se celebra na cidade. O día 22 representouse "O Rei Lear" de Shakespeare.



13 de marzo de 1991

O Delegado de Cultura e Deportes, Don Francisco Díaz Pereira, asistiu en Madrid, en representación do Alcalde de Betanzos (á súa vez, presidente da Federación de Concellos Galegos), á reunión da "Federación Española de Municipios y Provincias", na que se informou das actividades a realizar na nosa cidade en abril na Asamblea de Alcaldes para o V Centenario:

22 de marzo de 1991

Baixo a organización da Coral Polifónica de Betanzos, tivo lugar na igrexa de Santo Domingo o tradicional pregón de Semana Santa (o primeiro data de 1969) a cargo do vicario episcopal de Pontevedra, Don Jaime Vaamonde, natural da parroquia de Cutián (Cesuras).



5 de abril de 1991

O Presidente da Deputación Provincial, Don Salvador Fernández Moreda, fixo unha visita institucional a Betanzos, sendo recibido no Concello polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e membros do Goberno Municipal. Visitaron diversas obras (Ponte do Carregal, "aceras" do Mandeo, instalacións do Campo de Fútbol García Irmáns, etc.) nañ que as dúas institucións colaboran.

14 de abril de 1991

Logo das recentes xestións do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, na Delegación Provincial do INEM, no Goberno Civil e no Ministerio de Traballo, dáse conta da ampliación da Escola Taller de Betanzos en diversas especialidades: atención social (auxiliares psico-sociais), mellora da calidade medioambiental dos núcleos rurais (especialistas en redes hidráulicas), encofrador-ferralista e adecuación de marxes fluviais (técnicos en medio ambiente). Esta ampliación posibilita a formación e emprego de 60 mozos e mozas.



19 de abril de 1991

"Manos Unidas" de Betanzos organizou un festival con obxecto de financiar un proxecto de axuda ó pobo de Iquito (Perú).



22 de abril de 1991

Presentouse públicamente a candidatura do Partido Socialista de Galicia-PSOE para as vindeiras eleccións municipais. Está encabezada por Don Manuel Lagares Pérez, a quen acompañan: Dona María Asunción Sánchez Vázquez, Don Antonio Salvador Lagares Pérez, Don Antonio Carro Galeiras, Don Francisco Díaz Pereira, Don José Domínguez Rivas, Don Secundino José Fernández Alonso, Don Carlos Romay Dopico, Don Andrés Beade Dopico, Don Manuel Justo Vázquez Miguez, Dona Ofelia López Campos, Don Roberto Ferreiro Otero, Dona María José Ortiz Iglesias, Don José Barral Ares, Dona Amelia Brea Cortés, Don José Dopico Sueiro, Don José Antonio López García, Don Manuel Vales Fernández e Don Juan Francisco Martín Sánchez.

24 de abril de 1991

Nestes días a "Cruz Roja" local desplegau unha grande actividade na consecución de toda a axuda posible para o pobo kurdo.

26 de abril de 1991

Tivo lugar unha xuntanza do Consello de Acción Rural na Sala Capitular do Concello. Foi presidida polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e asistiu tamén o Delegado de Acción Rural, Don Ramón García Vázquez, o Delegado de Cultura, Don Francisco Díaz Pereira, a secretaria da Comisión, Dona Purificación Calviño Ruanova e tódolos alcaldes de barrio.





27-28 de abril de 1991


Xuntáronse en Betanzos máis de 200 alcaldes de toda España (sobre todo de cidades de menos de 100.000 hbits.) dentro do chamado "Encuentro de Alcaldes para el V Centenario". Os obxectivos foron os de entender a conmemoración do V Centenario do Descubremento de América a tódolos pobos do país e que, polo tanto, non se reduza só a Madrid, Barcelona e Sevilla. A Comisión Nacional do V Centenario, a Deputación Provincial da Coruña e a Xunta de Galicia colaboraron na financiación deste evento. Ata agora só se fixeran reunións destas características en Toledo e, a segunda, entre Madrigal de las Altas Torres (Avila) e Medina del Campo (Valladolid). Os traballos desta xuntanza combináronse tamén con aspectos lúdicos, como foron as visitas á cidade e á VI Festa do Viño de Betanzos.

27-28 de abril de 1991

14 cosecheiros ofreceron o mellor das súas bodegas para resaltar a VI Festa do Viño de Betanzos. E para complementalo, non faltaron os postos de venda de pulpo e outros produtos típicos da terra. O punto de inicio tivo lugar na Aula Municipal de Cultura coa lectura do pregón a cargo de Don José Raimundo Núñez Lendoiro, cronista oficial da cidade. Ademais do viño, contouse coas actuacións de "Pasiño a Pasiño", "As Garelas", en canto a agrupacións folklóricas, e "Ciudad de La Coruña" e os "Key" no que se refire a orquestras que amenizaron sendas verbenas.

7 de maio de 1991

Neste día e dentro das dependencias do Arquivo Municipal de Betanzos, tivo lugar a inauguración da "Sala Cronista Vales Villa-





martín", conmemorando o centenario do seu nacemento (7-V-1891). No acto estiveron presentes diversas representacións da vida local e galega, encabezadas polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e polos fillos e demais familia de Don Francisco Vales.

Con motivo do acontecemento, presentouse o libro de Alfredo Erias, arquivista da cidade, "Vales Villamarín: Lembranza no centenario do seu nacemento (7-V-1891 / 1991)", e un cartel no que se reproduce unha fotografía da "Lira Brigantina" no 1910, na que tocaba o mozo Vales, no patio do mosteiro de Santo Domingo. O acto rematou na Aula Municipal de Cultura onde o profesor Don José Antonio Miguez pronunciou unha conferencia co título: *En el centenario del nacimiento de Don Francisco Vales Villamarín*. Na dita sala están permanentemente expostas, as súas publicacións, así como diplomas, medallas, etc. Ademais alí permanecerá a súa biblioteca e arquivo, de enorme transcendencia cultural para Betanzos e Galicia. ¡Gracias eternas a Don Francisco Vales Villamarín e gracias ós seus fillos, Don Francisco e Don José Domingo!



10 de maio de 1991

Dentro dos actos programados con motivo da segunda edición do Premio de Poesía e Relato Curto, convocado polo Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar", pronunciou na Aula Municipal de Cultura unha conferencia o escritor e deputado autonómico, Don Alfredo Conde Cid, recente gañador do Premio Nadal, sobre o tema: "Novela e creación".



10 de maio de 1991

Presentouse publicamente a candidatura local do Bloque Nacionalista Galego (BNG) ás vindeiras eleccións municipais. Os seus candidatos foron: Don Andrés Otero Martínez, Don Sito Otero Botana, Don Xesús Torres Regueiro, Don Enrique Martí Vázquez, Dona Fernanda Gil Martínez, Don Xosé Manuel Espiñeira Illobre, Don Ricardo Migal Naveira, Dona Montse Fuciños Gómez, Don Xosé Isidro Doporto Sánchez, Don Henrique Fernández Vázquez, Don Benedicto Alvarez García, Dona Marisé Vázquez Golpe, Don Sito Fernández García, Don Francisco Porto Domínguez, Don Manuel Amado Santos, Dona Pilar Vázquez Rodríguez e Don Roberto Gutiérrez Fernández. Como suplentes: Don Xosé Manuel Díaz Vieiro, Don Francisco Fernández Otero e Dona Iolanda Barral Pedreira.



11 de maio de 1991

Presentouse publicamente a candidatura do Partido Popular de Galicia ás vindeiras eleccións municipais. Os seus candidatos foron: Don Jaime Alberto Pita Varela, Dona María Dolores Faraldo Botana, Don Manuel José Basteiro Fernández, Dona Rosa Isabel Lauda Brandariz, Don Andrés Martínez Guerra, Don José María Víctor Barús Vía, Don Antonio Alvarez González, Don José Zapata Marante, Don José Manuel Roel Vilar, Dona María José Rey Castro, Don Manuel Pérez

Cobas, Dona Rosa María Prado Espada, Don Francisco José Gómez Fernández, Don Manuel Carrro Purríños, Don Francisco Gabriel González Suárez, Don Angel Pastor Casal Otero, Don José Sánchez Gondell. Como suplentes: Don Raimundo Calvo Sánchez, Don Manuel Crespo Naveira e Don Emilio Claudino Pita Varela.



17 de maio de 1991

Na Sala Capitular do Concello, e dentro dos actos conmemorativos do "Día das Letras Galegas", Don Xulio Cuns Louisa fixo a presentación do libro titulado, "Cunqueiro: Unha biografía".

26 de maio de 1991

Neste día tiveron lugar as eleccións municipais, cos seguintes resultados, sobre un censo de 9.420 votantes: PS de G PSOE, 3912; PP, 2.239; BNG, 593; en branco e nulos, 115; abstención, 27,19%..



29 de maio de 1991

Neste día o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e o Director Provincial do INEM, Don Francisco Javier Morado Díaz, foron asinados dous convenios de colaboración entre as dúas institucións, por un importe global que supera os trinta millóns de pts.




Finais de maio de 1991

Por estas datas está rematada a cuberta do Campo de Fútbol García Irmáns.

Xuño de 1991

A Xunta de Goberno da Universidade de Santiago, con notable retraso, concedeu os premios extraordinarios fin de carreira ó betanceiro, Don Eduardo Fuentes Abeledo e á súa esposa, Dona Mercedes González Sanmamed, en virtude dos seus magníficos expedientes académicos (na Facultade de Pedagogía e Ciencias da Educación) e das teses de licenciatura por eles presentadas, baixo os seguintes títulos, respectivamente: 1) *O pensamento didáctico do profesor de Preescolar: unha análise cualitativa na provincia de Ourense;* 2) *A formación en servizo do profesorado de EXB: marco teórico e análise descriptiva na provincia de Ourense.*



2 de xuño de 1991

Coa organización do Club Polideportivo "O Trasnó", que preside Don Jesús Peña Filgueiras, tivo lugar a Carreira Pedestre da Amistade entre A Coruña e Betanzos.



4 de xuño de 1991

Máis de trinta líderes espirituais e investigadores sociais de América, África, Asia e Europa, participaron en Mariñán no "Coloquio Internacional de Antropoloxía Recíproca y Contemporánea de las Religiones", coordinado polo profesor da Universidade da Coruña, Don José Antonio Fernández de Rota y Monter. Todos eles foron recibidos no Concello de Betanzos polo Tenente de Alcalde, Don Antonio Lagares Pérez, quen lles entregou diversas publicacións municipais. Logo, na compañía do Cronista Oficial da Cidade, Don José R. Núñez, visitaron a cidade e foron en lancha ós Caneiros.

7-8 de xuño de 1991

Un ano máis a Delegación Municipal de Cultura e Deportes organizou a "Festa do Deporte" na Praza García Irmáns e no Polideportivo Municipal (sobre todo aquí debido á choiva), dando remate así ó curso das escolas deportivas municipais. Contou coa colaboración da Agrupación Deportiva Ludisport, Club Badminton Betanzos e Club Ciclista Betanzos.



15 de xuño de 1991

Neste día tomou posesión a nova Corporación Municipal, saída das últimas eleccións municipais. Está composta do seguinte xeito:

PSOE: Don Manuel Lagares Pérez (Alcalde-Presidente), Dona María Asunción Sánchez Vázquez, Don Antonio Lagares Pérez, Don Antonio Carro Galeiras, Don Francisco Manuel Díaz Pereira, Don José Ramón García Vázquez, Don José Domínguez Rivas, Don Secundino José Fernández Alonso, Don Carlos Romay Dopico e Don Andrés Beade Dopico.

PP: Don Jaime Alberto Pita Varela, Dona María Dolores Faraldo Botana, Don Manuel José Basteiro Fernández, Dona Rosa Isabel Lauda Brandariz, Don Andrés Martínez Guerra e Don José María Barús Vía.

BNG: Don Andrés Otero Martínez.

20 de xuño de 1991

Nun Pleno do Parlamento de Galicia xurou o seu cargo de deputado polo Partido Popular, Don Jaime Alberto Pita Varela. É Profesor de Ensino Xeral Básico, especialista en Ciencias Sociais e en Técnicas Directivas polas Universidades de Navarra e Santiago. Xunto con seu irmán, Don Emilio, é o constructor desde hai anos do Globo de Betanzos, continuando a tradición familiar, que iniciara seu avó no 1875 e seguirá seu pai. Rexentan tamén o Cine Alfonso, o primeiro que tivo a cidade.

Foi candidato á Alcaldía de Betanzos polo Partido Popular nos anos 1983 e 1991 e ó Parlamento de Galicia nas eleccións autonómicas de 1989. E ademais portavoz do Partido Popular no Concello.



23 de xuño de 1991

A Hermandade de Veteranos da Brigada Obrera Topográfica "Teniente Coronel Pérez Soba", da que varios betanceiros forman parte, e que desenrolara as súas actividades en Betanzos (onde



tivo a sede esta entre 1918 e 1928), celebraron a 45 xuntanza con diversos actos. Despois de asistir a unha misa na igrexa das Agustinas, foron recibidos polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e outros membros da Corporación. Pola súa banda, o Capitán Topógrafo, Don José Lousa Bonome (os seus antepasados pertenceron a este colectivo desde a súa fundación no 1886) fixo entrega ó Alcalde dun mapa do término municipal.

Fins de xuño de 1991

O Conservatorio Municipal de Betanzos remata o curso cunha actuación de tódolos seus alumnos na Aula Municipal de Cultura. O Conservatorio conta con 6 profesores titulados que imparten as seguintes disciplinas: Solfeo (de 1º a 5º curso), Conxunto Coral (de 1º a 5º curso), Violín (preparatorio a 1º), Saxo (preparatorio a 1º), Clarinete (preparatorio a 1º), Viola (preparatorio a 1º), Tuba-Bombardino (preparatorio a 1º), Piano (preparatorio a 5 cursos), Guitarra (preparatorio a 5 cursos), Flauta (preparatorio a 5 cursos).

Xuño de 1991

"O Betanzos dos Irmáns García Naveira" é o título dun folleto turístico que aparece por estas datas. Foi editado polo Concello e elaborado polos profesores do Instituto "Francisco Aguiar": Don Julián Ferrer, Dona María Isabel Martín Castañeda e Dona Raquel Herrero (contido histórico); Don Juan Pablo Fernández Fernández (deseño e ilustracións); Don Xosé Manuel Montero (versión galega).

BETANZOS



ROTA:
O BETANZOS
DOS IRMANS
GARCIA NAVEIRA


BETANZOS VERAN 91



CONCELLO DE BETANZOS

2 de xullo-11 de setembro

O Concello presentou o programa xeral de actividades culturais e deportivas para o verán.



9 de xullo de 1991

No Edificio Arquivo inaugurouse unha mostra de debuxos de Luis Seoane. Asistiron ó acto, entre outras autoridades, Don Antonio Lagares Pérez, Tenente de Alcalde, e Don Manuel Regueiro, Presidente da Comisión de Cultura e Deportes da Deputación Provincial. Fixo a presentación o escritor Xavier Seoane. No mesmo día inauguráronse tamén as mostras do escultor Antonio Valle (na fotografía) e da pintora Eloita Gil.



11 de xullo de 1991

Don Mario Soares, Presidente de Portugal e D. Manuel Lagares, Alcalde de Betanzos.



11 de xullo de 1991

Visitaron Betanzos o Presidente de Portugal, Don Mario Soares, e a súa esposa, acompañados polo Presidente da Xunta de Galicia, Don Manuel Fraga Iribarne e outras autoridades. Foron recibidos polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e demais membros da Corporación Municipal. No Concello, Don Mario Soares asinou no Libro de Ouro. Logo a comitiva percorreu a cidade, deténdose particularmente no sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, ligado a Portugal, tanto familiarmente como desde o punto de vista histórico e artístico.

12 de xullo de 1991

Don Antonio Salvador Lagares Pérez, polo PSdeG PSOE (Tenente de Alcalde en Betanzos), e Don Ramón Rodríguez Ares (Alcalde de Sada), polo PP, resultaron elixidos deputados provinciais, logo das votacións que tiveron lugar na Xunta Electoral de zona. Pola súa parte, Don Antonio Salvador Lagares Pérez tomaría posesión o 19

de setembro deste ano como novo presidente do órgano rector do Hospital Provincial e do Psiquiátrico de Conxo.

17 de xullo de 1991

Un novo logotipo do Concello de Betanzos foi presentado públicamente. É obra do publicista Don Julio Rozados.





23 de xullo de 1991

Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino 1990, nº 13. O acto estivo presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez a quen acompañaban diversos membros da Corporación Municipal, así como o fillo de Don Francisco Vales Villamarín, Don Francisco Vales-Villamarín Vía, e o director do Anuario, Don Alfredo Erias Martínez. Como introducción ó acto, Don Manuel Lagares, entregoulle a Don Francisco Vales-Villamarín e a seu irmán, Don José Domingo (ausente) sendos álbumes fotográficos que recollían o acto de inauguración da "Sala Cronista Vales Villamarín" no Arquivo Municipal de Betanzos.

A presentación do Anuario Brigantino correu a cargo de Don Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, investigador científico do Departamento de Historia Medieval do CSIC e profesor de Paleografía e Diplomática na Universidade Complutense de Madrid.

25 de xullo de 1991

Unha representación municipal, encabezada polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, depositou o tradicional ramo de flores ó pe do cruceiro da Cruz Verde en memoria dos que deron a súa vida por Galicia.



1 de agosto de 1991

No Edificio Arquivo inaugurouse unha mostra de filatelia contemporánea, organizada polo Círculo Filatélico de Ferrol en colaboración co Concello de Betanzos e co patrocinio da Deputación Provincial. O acto estivo presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez.



14 de agosto de 1991

Presentouse oficialmente a Banda Municipal de Música de Betanzos, logo dun cuarto de século de silencio. Está integrada por 35 persoas cunha gran diversidade de idades, desde nenos a xubilados. O seu director é Don Antonio Cal. Véxase p. 321-322 deste Anuario.

9 de agosto de 1991

Na Sala Capitular do Concello, e baixo a presidencia do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, tivo lugar a presentación do Programa de Festas de San Roque 1991. Déronse tamén a coñecer os Premios "Garelos-91" que recaeron nas seguintes persoas: Don Agustín Sánchez García (Garelo especial), Don Manuel López Castro (Cultura), Club Baloncesto "O Trasnó" (Deportes), Farmacia Couceiro (Economía e Industria).



D. Agustín Sánchez García



D. Manuel López Castro

10 de agosto de 1991

O XXIV Trofeo San Roque de Fútbol saldouse cunha victoria do Celta de Vigo sobre o Brigantium por 6 goles a cero no Campo Municipal García Irmáns.



Club Baloncesto "O Trasnó"

10 de agosto de 1991

A Deputación Provincial ven de editar un libro-catálogo que recolle a II Bienal de Pintura "Balconadas", celebrada en Betanzos nos meses de xullo e agosto de 1990, baixo a dirección de Don Jesús Núñez.



Farmacia Couceiro

10 de agosto de 1991

O director da Coral Polifónica de Betanzos, Don Manuel López Castro, foi obxecto dunha homenaxe popular ó cumprir as súas bodas de prata sacerdotais.



14 de agosto de 1991

Neste primeiro día das festas patronais, foron inauguradas diversas mostras no Edificio Arquivo. Especial resonancia tivo unha de carácter etnográfico, realizada polo popular carpinteiro, Don Rafael Vicente Teijo, na que se recollían diversos artilluxos antigos e, sobre todo, unha gran cantidade de obxectos de xogo, xa perdidos ou esquecidos. O Presidente da Xunta de Galicia, Don Manuel Fraga Iribarne, O Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez e outras autoridades presentes nos actos de inauguración detivéronse con ledicia nestes obxectos dos nenos doutros tempos.



14 de agosto de 1991

Cunha multitudinaria asistencia de público, na Praza da Constitución, o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, coroou á Raíña das Festas, a fermosa e simpática Elena Gándara Martínez. A continuación, o Presidente da Xunta de Galicia, Don Manuel Fraga Iribarne, pronunciou o Pregón das Festas desde o balcón do Concello. Despois, na Sala Capitular, tivo lugar unha recepción á Raíña, damas de honra e acompañantes, así como ás autoridades presentes.

Pregón das Festas

¡Betanceiros, galegos todos, xentes doutras terras!

Betanzos chámavos hoxe á festa, á troula, á ruada, a esta fermosa romaxe de foliadas e cantigas, nas que a grande enerxía da terra latexa nas súas verbas e canta nos seus sons.

Ben sabedes que coas xornadas festeiras, os homes de calquera tempo e de calquera lugar libéranse por uns días dos trafegos e das angueiras cotiás. E canto máis duro sexa o camiño de espiñas a percorrer, máis piden o corpo e o espírito un lecer, un respiro, un tomar folgos no medio de tantas tristuras, porque a vida tráenos de seu, horas de inqueda e sañardade, amigos que nos deixaron para sempre, historias de amor que se fenderon, bágoas polas cousas que se botan en perda.



É tempo pois, de tecer novos amores, de anovar vellas amizades; tempo de buscar un relanzo no atafegado camiñar de tódolos días.

Que tódalas estradas e camiños, os que morren nas escaleiras molladas pola onda dun peirao, os que engatuñan as serras para folgar nas chairas baixo as estrelas, os que se volven rúas de arco nas vilas, os que fan cortesía, os pazos nas carreiras de mirtos, os que chegan humildosos ó pé dos cruceiros, esas ideas do pobo en pedra, vos acerquen por uns días a este verxel encantado ó que Deus lle concedeu a amenidade do Xordán e a fertilidade de Hebrón.

Porque Betanzos, como unha roseira en horto pechado, vive alongado como un camiño de parque florido, entre dúas forzas que dende a orixen se miden con forza de puxilato: o mar e a montaña. E no fondo a ría.

Esa ría con irisacións de prata, con estremeceamentos de virxe, con ondulacións de cobra, cobizosa de apreixar no seu seo as xunqueiras e os carrizais, acouga hoxe esmorecida por un intre, porque o vento tamén se vai de troula mentres os paxaros andan a disputa-la súa regueifa.

Deixade que hoxe tamén acougue o río. Falta lle vai a facer cando o barulleiro ruxir da xente, os patuxos sonoros dos remos, os berros, as voces, as músicas, os foguetes de sete estralos se misturen nun xordo latexar de marea viva, que o exceso de faroliños semella de lume como unha riada de luz, deixádeo descansar porque cando os faroliños se enffien por todas partes, se penduren de tódolos lados, se abaneen en tódalas cordas, el, escuro, negro, calado case sempre, terá que espellar aquelas brillantes cadeas que esbaran polo seu corpo.

Cal lumieiras de cores, botes, bordas, bucetas e chalanas tinguirano tamén de luz ata que a noite pecha, cando aló polo nacente se debuxa unha claridade marela precursora do mencer, cese o rumbo da derradeira lancha e o grallar das gueivotas e mascatos que fuxiran en busca de asilo.

Terra pródida de contrastes entre o mar e a terra, dozura e preguiza do val aloumiñado polas montañas nais, esta cidade viviu sempre cara o mar; sobre el abriu a súa fiestra debruzándose sobre os horizontes da ribeira.

E polo mar chegaron a vós ilustres visitantes. Contan as crónicas que foi Breogán, aquel héroe mítico o que dende o Mediterráneo oriental veu funda-la vosa cidade. Din tamén que dende a súa torre, ergueita nestas terras, un bo día divisou Irlanda, a nosa nación irmá, e cara ela encamiñou definitivamente os seus pasos.

Con tanta historia de cazatas e guerras, a torre botouse a durmir na aba do monte e mesturou os seus vellos e orgullosos membros coas muradellas dos paisanos. Só na mente de Eduardo Pondal, o insigne bardo de Bergantiños, doutor nunha ciencia antiga e fermosa, quedou a lembranza daquela torre que a recordou nun dos seus máis felices versos:

*¡Cantos feitos fazañosos
cantas insignes historias,
cantos combates ousados,
cantas ilustres memorias
despertas na noble mente
dos que teus feitos recordan!*

A historia é demasiado fermosa para non ser certa. De tódolos xeitos, ¿que importa? Deixade vivir ós mitos nestes tempos onde triunfan a tristura da ordinariez e da utilidade e nos que o materialismo está disposto sempre a albergar vidas standar.

Tamén polo mar, dende a lonxana Roma, chegou onda vós Xulio César, aquel señor dunha terra que a penas coñecía fronteiras; aquel home curtido nunha e mil batallas que tivo o mundo antigo ós seus pés. E por mor do mar tivestes que soportar e padece-los saqueos e pillaxes que as xentes normandas causaron na vosa terra.

Coma os ocelos nas pedras, sodes xentes de Betanzos unha lembranza dos tempos vivos, porque no voso vivir coma pobo tedes moito que lembrar na longa cantiga que é a historia.

Foron os vosos devanceiros amantes da Liberdade e da Xusticia. As vosas arboredas, as revoltas mimosas dos camiños, os laranxeiros morneándose no serán, foron mudas testemuñas das revoltas irmandiñas contra o poder opresor da tiranía, contra aqueles señores de forza e coitelo, amantes do dito e feito, que coas súas falcatruadas tentaron dispor ó seu antollo das vidas e honras dos seus vasalos.

Roi Xordo, o compañeiro da xente, Pedro de Osorio e Alonso de Lanzós camparon por estas terras, escenarios de mil loitas, para volvéro-la Liberdade e quen sabe se esta noite, cando o mar resbe os seus salaios nos soportais das furnas, ese canto doce e meiguiceiro que tantas tristuras presta ás vagas paisaxes mariñás, envolvendo o corazón na brétema dos desenganos, chegará ós oídos daqueles homes fortes e destemidos e que non sabían de que color era o medo.

Erguéstevos presto contra o francés, mais tamén este Betanzos dos cabaleiros soubo facer gala ó seu nome cando a ocasión así o requeriu. Convosco, no Colexio de Orfas da cidade, tivo gasalleira e hospitalaría acollida a viúva de Porlier naqueles momentos tan difíciles da súa vida, e ó voso caron, reparou forzas e colleu folgos anovados para logo entrar triunfante na veciña cidade herculina.

E cando os ventos do agrarismo soplaron con forza no agro galego, non dubidastes en facer voso aquel "¡Ou triunfar ou morrer!", o brado que o grande Ramón Cabanillas, o vate dos men-ceres celtas e das roseiras dos xardíns románticos e ceibara un día dende as súas terras do Salnés.

Tamén vós, descendentes da nobre e ilustre nación dos ártabos que poboaron as Mariñas, soubestes acoller entusiasticamente aquel valioso e precioso proxecto das Irmandades da Fala, que da man de Antón Vilar Ponte xurdiría un xa lonxano 18 de maio de 1916 na cidade da Coruña.

Por todo isto pois, sodes merecentes da miña consideración e do meu recoñecemento máis sincero.

Vivides tamén por sorte á beira dunha zona lírica, rica en escritores e poetas. Nestas terras do Mandeo, paisaxes profundas e matizadas de numerosas evocacións, tiveron o seu berce algúns dos nosos trovadores medievais máis notorios, que cos seus cantos festeiros e algarerios chegaron a rompe-la monotonía da vida do medioevo.

Divulgadores de contos, noticiosos de historias antigas, mediadores de múltiples relacións sociais, viviron as súas vidas nun vagabundo constante, á busca sempre de perpetuas aventuras.

Os nomes de Pero de Ambroa, acompañante e amador da Balteira, a mellor de tódalas soldadeiras galegas, a máis afoutada, a máis fermosa, pero tamén a máis denostada, e o de Pero



Amigo de Sevilla, testemuña un día dos dóces cantos dunha pastora, beira do Sar, na eterna Compostela, e a quen por certo, por unha desas malas pasadas que xoga a historia, que fixo que o seu nome se perpetuase unido a unha fermosa cidade andaluza, brillan con luz propia de entre a pleiade de troveiros que, por cortes e castelos, burgos e vilas, deixaron unha impronta imborrable no noso mundo medieval.

Por estas terras viviu tamén a súa curta vida Xoán Vicente Viqueira, destacado membro de Nós, aquela Xeración de políticos e pensadores, a máis grande que deu a Nosa Terra, que alí, polos anos vinte, se propuxo o artellamento de órganos e institucións culturais integrados dentro dunha doutrina política que tendía ó rexurdimento da cultura e máis da sociedade galega. Da súa pluma, saíron espléndidos esbozos líricos de vivencias amorosas e paisaxísticas que tiveron coma centro esta terra.

E estas paisaxes densas e gratamente humanizadas que gozaron dende sempre dunha luz especial amada polos pintores, foron así mesmo inmortalizadas por Manuel LUGRÍS Freire, un dos mellores cantores con que contaron as Mariñas.

Poucos coma el souberon miralas con tan ampla vixilia para logo de entendidas, transmitírnolas a través do seu verso esplendoroso e bronceado.

Pronto soubestes tamén poñe-los alicerces para o espallamento da nosa cultura lírica. Os vosos Xogos Florais, uns dos máis antigos da nosa terra, moi cedo gozaron de merecida sona e de plausible admiración por todo este vello reino de Galicia.

Moreno Barcia e Vázquez de Mella, homes de agudo e encendido verbo, e de non menos acesas as luces do seu espírito; Salvador Golpe, o inesquencible autor da letra de "Dous amores"; Xosé María Díaz Castro, o mentor de "Penélope", unha das máis grandes xoias con que contan as nosas letras; Ramón Otero Pedrayo, eterno e impenitente andador dos Camiños da vida e Álvaro Cunqueiro, quizais o máis grande contador e fabulador que tivo a nosa historia literaria, todos eles destacadísimas figuras da nosa cultura, foron algúns, de entre un grande elenco de egrexios que coa súa palabra e coa súa presenza prestixiaron en determinados momentos da súa historia estes xa centenarios Xogos.

Betanzos é un lugar de transición inapreixable entre o monástico e o paxego que é, en certa maneira, un dos indefinibles aspectos da nosa Galicia. É este un lugar onde a paisaxe se oe, vive, latexa e trema. Non é un mundo aplemazado, fotográfico, de matemática e fórmulas, senón que está cheo da súa propia emoción.

Nesta capital das Mariñas, como lle sucede a outras moitas das nosas cidades que, vítimas

das súas propias desmesuras, se fan e se desfán constantemente, aínda se poden ve-las pegadas de diversos estilos vitais, arruinados no decorrer dos tempos.

Foi cidade que fixo grandes rúas dos camiños que dela safan; rúas estreitas, pinas, silandeiras e vagamente atristadas, nas que aínda se debate a cidade de hoxe, afogada por eses trafegos que trouxeron os novos tempos que transforman sañudamente case, o vello soterrado.

Cidade cambiante na superficie pero tan fondamente cinxida ó seu onte, que aínda resiste a retallos o que queda do seu glorioso vivir, e na que mesmo se ergue un estalido de silencio no inesperado compás dunha igrexa ou no lóstrego dunha nobre fachada.

Certamente o rosel do vivir vai notándose, vaise actualizando a súa fisonomía. Pero van quedando agochados, escondidos entre os trafegos da circulación, algúns corrunchos aloumiñados por unha vellez calada, recantos de vívido arcaísmo, alleos a todo e conmovedores na súa deixadez muda.

É este un Betanzos que se marcha irremediamente, vivo aínda na mente detida dos máis vellos e xa espectral nos que o vístedes a través do xesto admirado dos vosos pais e dos vosos avós.

Permitídemme esta rendida ollada ó pasado da vosa cidade, que, polo feito de estar lonxe, vese máis riseiro có presente perentorio; mais é esta unha fuxida ó fin e ó cabo inoperante, unha fugaz entrega á melancolía, unha evasión máis ou menos valiosa diante da inaprazable esixencia do hoxe, preñado de mañás.

Terra de contrastes, en confusión aparente de praciñas, fachadas relixiosas, rúas encostadas e algareiras que se desploman cara ó río, Betanzos é engado e desesperanza do artista.

Os que estes días andedes de rexoubeo, de foliada, de festa tumbada, ¡percorrede as rúas e prazas de esta rica cidade das Mariñas!

¡Detédevos por uns intres disnte das súas igrexas, esas fendas no tempo que manteñen vivas as memorias doutra idade, auténticas testemuñas da historia e verdadeiras antoloxías dunha arte que tamén é patrimonio comunal!

Deixádevos gañar pola emoción que encerran, mais endexamais esquezáde-lo traballo de tantos artistas anónimos que deixaron nelas o labor das súas mans e o ronsel do seu espírito.

Non deades ó eskenzo que andades a manter e transmitir imaxes labradas dende hai moitos séculos e que foron adobiadas polo labor fiel de moitos homes, vidos quizais de lonxanas terras e con moi diversos falares, pero sempre con un mesmo ideal.

Parádevos pois, diante desas lagoas do tempo onde as horas están detidas tras dos seus muros, ergueitos por unha caste de xentes que laboraron arreo, que non souberon do tempo, que coñeceron os segredos dos vellos mestres e, sobre todo, dotados daquela sensibilidade dos que viviron como unha arte o seu labor, traducindo e forxando a un tempo o sentido estético do pobo.

E nelas, ¡por que non!, quizais poidades escoitar tamén, os rechouchíos deses paxaros que desvelan no tempo o segredo da eternidade.

Permitídemme por outra banda, que hoxe diante de vós, afeitos a escoitar glorias e memorias pasadas, lembre a un dos fillos máis sobranceiros desta cidade; un daqueles que souberon abri-lo espírito dos nosos devanceiros, afinándose na terra e no onte, na procura dun porvir mellor.

Chamábase Antolín Faraldo; tivo o cabelo negro coma a súa vida e os ollos dourados como o sol das Mariñas. Loitou coma Xacobe contra o anxo nunha longa noite que non deixaba entrever unha lumieira nas tebras.

El que se expresou sempre nunha linguaxe comprensible para as xentes sen requintamentos literarios e allea a toda preocupación preciosista, soubo engatuñar cara as alturas, mantendo a súa presenza sobre nós, riba do tempo.

¡Moi alto subiu aquel que Murguía calificara de "primeiro e mellor"! Non sen razón, para a festa grande do voso Betanzos perdurable, para a festa desta terra vizosa e farturenta, tendes escollido tamén un símbolo que vos obriga a afasta-los ollos das miudenzas do chan e a ergue-la mirada cara o ceo.

A súa vida estivo sempre posta ó servico dun alto e limpo ideal, dun envexable sentido ético, nun humilde traballo cheo de sinxeleza e de vontade.

Entregado ó seu pobo en corpo e alma, poucos coma el souberon compartir mellor os sufrimentos dos outros e adiviñan-las súas inquedanzas. Coma Murguía, Añón e Vicetto, enxergou os tesouros da terra que agarimaban os seus ollos e os que acobillaba soterrados, chaves da súa historia antiga e que se sabe tamén do porvir.

E cando aló polo ano 1846, data da infausta lembranza para o noso pobo, prisioneira a patria de teocráticos intereses –segundo rezaba o verso do celanovés Curros Enríquez–, Faraldo non dubidou en facer espada a súa palabra, unha palabra que antes soamente fora canción. A súa Proclama a prol da Liberdade, latexa se cabe aínda con máis forza nos momentos actuais.

Decatouse de que Galicia era unha entidade colectiva deprimida e que necesitaba un esperar sen demora. El abrfu a canle primeiriza para presentar a Galicia coma unha entidade política e administrativa sen negar endexamais, os vencellamentos con outras entidades políticas máis próximas.

Todos somos en fin, responsables de proseguir, facer posible e realiza-la súa "Grande obra" encamiñada a reconstrucción dunha Galicia mellor. Esa foi a súa vontade antes de tomar aquel vieiro que o levou a Córdoba, na busca dun niño de amor que abandonara anos atrás. Un camiño sen volta que morría en Granada, onde Faraldo rendeu a vida lonxe dos eidos patrios.

¡Terra de camiñantes que souberon abrir camiños, foi sempre esta nosa de Galicia! Unha Galicia de poboacións espalladas ás beiras das estradas romanas, arredor dos castelos medievais, das igrexas monásticas, de santuarios pagáns cristianizados, ergueitos no cumo dos montes onde van de mortos os que de vivos endexamais puideron chegar aló.

Terra de artesáns que vagan dun lugar a outro coas rodas de afiar ou cos mazos de ferro que se tornan cantareiros no cerne da dura pedra.

Terra a Nosa, sagrada coma un peito dunha nai, que nos fixo da súa carne e nos deu o seu pensamento e mailos seus amores, e que nos ten de chamar un día para agocharnos no seu seo, volvendo a recollernos na súa entraña para que endexamais nos afastemos dela.

¡Que os camiños que vos traían a Betanzos sexan ledos para todos vós!

¡Que esta festa siga xuntando ás xentes de Sada, de Irixoa, de Abegondo, de Pontedeume, de Miño, do Ferrol..., e que sigan vindo coelas xentes de fóra atraídas pola beleza deste chan, a fermosura da paisaxe e o engado destes lugares! E os que veñades doutras terras, acougade a parolar con estas xentes gasalleiras e hospitalarias, cal son as da Mariña.

¡Que o vento mareiro, con esa sinceridade que ten o vento mozo, penetre polas fiestras das vosas casas con arcos de festa e extenda sobre o espello do río os repiniques do redobranche, o estralo longo dos foguetes, o barullar dos pandeiros e os salaios da gaita!

Neste intre do voso sosegado vivir, nestas ditosas horas de relanzo, ¡que resoen as cantigas máis mozas, expresión fiel do sentir e do dicir das nosas xentes!

Aproveitade estes días a revivir recordos que remanecen, a falar sobre o de agora e, sobre todo, a ensoñar-lo futuro.

¡Que vos prazan os cantos, as músicas, as parolas e as bailadas! E se sodes mozos, que a vosa mirada acenda noutros ollos o lume dun amor que non poida esmorecer. ¡Aproveitade este tempo de lecer! ¡Collde a flor da vida antes que murche!

E para os que coma min, ides xa algo entrados en anos, escollede o mellor gran da tulla das vosas lembranzas, aquelas que fuxiron polo río abaixo e que non han volver xamais. ¡Quen sabe se o recordo dun bico roubado ou o dun antigo aloumiño nos abra aínda hoxe unha fendedela no corazón!

Porque, certamente, o goce do tempo está na memoria do que deixamos atrás e na espera do que ha de vir. Na vida de cada un de nós medíronse moitos intres polo compás das festas, aínda que en ningunha delas faltaron as notas desacordes da tristura e da soidade. A festa coma a vida mesma, camiña moitas veces entre a melancolía e a señardade.

¡Que a vosa festa sexa tamén o mellor dos encontros! Cos emigrados, cos que traballan lonxe para erguer e mante-lo fogar; cos que tiveron que procurar unha patria nova onde gaña-lo pan, anxeiando o retorno á que deixaron ás costas; cos amigos que hai anos que non vemos, cos compañeiros, cos fillos e netos dos que foron. ¡Abrídelles os brazos! ¡Apreixádeos tan forte como eu desexo facer agora con todos vós!

Como nos vellos tempos, estou certo de que faremos mentes de traballar xuntos, por riba de liortas, cobizas e partidismos, a prol dunha Galicia onde ninguén teña que doerse lonxe, das soedades da emigración, e aquí, cos noxos do paro e da pobreza.

Na hora da despedida, eu que non son poeta, que non fun agasallado con esa regalía privilegiada que ofrendas as musas, permitiéndeme que me apropie dalgúns dos máis fermosos versos que pluma ningunha deitou encol da Mariña. O particular misantropismo de Manuel Leiras Pulpeiro, que lle facía recelar de toda loubanza e de toda mundaneidade, non constituíu impedimento de ningún tipo para que puxese nos seus versos, os máis acendrados acentos.

Aquel galeno de barba branca, de agudos e socarróns dicires, que "amou a verdade e practicou o ben", soubo cantar a estas terras como ninguén o fixo, e eu non podería buscar mellor colofón cás súas verbas, para poñer hoxe remate ás miñas:

*"Mariña que te coñezo,
Gardo e gardareiche pía;
Por iso sempre que puiden
Corrín pra as túas veiguiñas;
Por iso, a nada que os cheiros
Das túas olgas me dán,
Revivo con máis carraxe
Pra millor catar pra riba;
E por iso de ningures
Vexo as cabezas erguidas
Dos nove pinos do Castro
Que descuberto non diga
Con cantos folgos eu teño:*

¡VIVA A MARIÑA...!

¡LEDICIA DE DEUS NESTAS FESTAS E BENZÓN PARA TODOS!



15 de agosto de 1991

Na Praza da Constitución, tivo lugar o acto de coroamento da Ratña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Marta Jorge Palacino. Recibiu a coroa de mans do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez. A continuación o mozo betanceiro, José Leandro Núñez, pronunciou o Pregón Infantil das Festas.



Función do Voto (16 de agosto)

Invocación do Alcalde a San Roque, Patrón da Cidade

Señor:

Novamente me postro diante de Ti para, no nome de tódolos betanceiros, transmitirche a nosa mensaxe de agradecemento pola mediación e axuda que nos dispensache cando, pola peste que nos assolaba, mailo necesitabamos.

O pobo de Betanzos é un pobo solidario con quen es coma Ti, o axudaron no seu progreso e por iso e coma xa fixeron os nosos devanceiros, veño a pregarche que a Túa presenza se deise sentir sempre na nosa terra. Axúdanos e confórtanos a todos para que cumplamos o máis axetadamente posible neste vieiro que nos levará a un mellor destino: ós que se conducen pola Túa fe, ós que manteñen dúbidas sobre a mesma e moi especialmente a aqueles que siguen camiños distintos, para conduci-los pola senda da Paz e do Amor que Ti practicaches.


Non se pode experimenta-lo progreso que todos desexamos sin ter en conta a esencia do que fomos e que nos distingue secularmente. Por iso, tradición e futuro, deben ir indisolublemente unidos nestas peticións que che presento para que saibamos mante-las raíces do noso Pobo antigo, ó tempo que nos adaptamos ós avances da técnica e das comunicacións, pero tendo sempre en conta ese perfil humano que debe presidi-los lazos da nosa convivencia.

E dende a solidaridade, tan necesaria sempre, e máis nestes tempos que corren tan impregnados dun materialismo consumista, prégoche que axudes moi especialmente ós máis desproteixidos e que precisan do Teu especial auxilio; ós xóvenes, para que poidan conducirse pola boa senda, alonxándose de vicios e problemas que amenazan a súa integración familiar e dignidade, ós seus compromisos comunitarios; ós anciáns, que deron o mellor das súas vidas para lograr unha sociedade mellor, para que disfruten nestes anos dun merecido descanso e teñan a comprensión social e familiar que merecen; ós enfermos, para que alivien as súas enfermidades... e, en xeral, a todos aqueles seres humanos que sofren para que atopen alivio para os seus sufrimentos.

Fai que tódalas persoas con responsabilidades, dirixan as mesmas a conquistar o ben común e traten de plasmar en realidades os desexos dos cidadáns, que mostraron a súa confianza neles.

Para rematar, pídoche o de sempre: Que nos coides como Ti sabes, fortalecendo a nosa débil condición, ó tempo que che agradezo a xenerosidade que sempre nos dispensas e que coma extraordinario protector que eres de tódolos betanceiros, nos continuarás dispensando. Así sea. Moitas Gracias.

Manuel Lagares Pérez



16 de agosto de 1991

Ás 12 da noite subiu desde a torre de Santo Domingo o centenario Globo de San Roque, o máis grande do mundo feito de papel. ¡Noraboa a Don Jaime e a Don Emilio Pita Varela, os seus constructores! Desde 1875 esta familia mantén viva a tradición, que ten a súa orixe na Francia de finais do s. XVIII e en Betanzos xa se documenta no 1814.

18 e 25 de agosto de 1991

Como é tradicional, centenaes de lanchas engalanadas cruzaron estes dous días o río Mandeo para chegar ó campo dos Caneiros, onde a música, o viño e a boa comida de produtos do país encheron de ledicia a tódolos que alí acudiron.

20 de setembro de 1991

Coa organización da Delegación Municipal de Cultura e Deportes, un ano máis ábrese a matrícula para as escolas deportivas municipais: baloncesto, fútbol, judo, ciclismo, badminton, patinaxe artístico, xockey a patíns, danza galega, etc.

Setembro, IV Coloquio Galaico-Minhoto en Lugo

O funcionario do Concello de Betanzos, D. Alfredo Erias Martínez (arquivista-bibliotecario, director do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino), foi nomeado Membro Correspondente do Instituto Cultural Galaico-Minhoto.

1-16 de setembro de 1991

Neste tempo estivo aberta no Edificio Arquivo unha mostra de 25 pinturas de gran formato, 9 acuarelas e 3 gravados calcográficos do artista brigantino, Ramón Gándara, que cursa estudos na Facultade de Belas Artes de Barcelona. Xa participara en Balconadas-90, e realizou diversos cursos de Gráfica en Betanzos. No seu traballo pode apreciarse unha gran naturalidade expresiva, chegando a converter ó espectador nunha parte máis da obra. Esperamos moito deste noso artista.





24 de setembro de 1991

Os membros da recentemente creada Banda Municipal de Música de Betanzos foron recibidos na Sala Capitular do Concello polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, o Delegado de Cultura, Don Francisco Díaz Pereira e outros membros da Corporación Municipal.

Outubro de 1991

Ó derrubar a "Casa da Mina" na Ribeira para facer outro edificio, destruíuse unha boca de entrada a unha das galerías subterráneas de Betanzos, quedando tapada agora por un muro de formigón. No s. XVIII o enxeñeiro militar D. Feliciano Míguez, que deseñara o Edificio Arquivo, traballou nelas á procura de azougue. Só nos quedan as fotografías.



3-6 de outubro de 1991

O Cronista Oficial da Cidade, Don José Raimundo Núñez Lendoiro, participou en Avila no "XVIII Congreso Nacional de Cronistas Oficiais", no que presentou a ponencia: "La jurisdicción y explotación del Monte del Coío en el siglo XVI". Nos actos estivo presente o Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, así como o Delegado de Cultura, Don Francisco Díaz Pereira. As sesións tiveron lugar nas localidades que conmemoraban os centenarios de S. Juan de la Cruz, S. Ignacio de Loyola e as iniciativas de Isabel la Católica en relación co Descubrimento: Fontiveros, Madrigal de las Altas Torres e Arévalo.





14 de outubro de 1991

O ata este momento Conselleiro de Agricultura na Xunta de Galicia, o betanceiro D. José Manuel Romay Beccaría, foi nomeado Conselleiro de Sanidade.



15 de outubro de 1991

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar o acto de recepción dunha delegación da cidade francesa de Pont L'Abbé coa que se iniciou un proceso de irmandamento. Encabezaba a delegación gala o primeiro tenente de Alcalde, Rémy Pencrech.

14 de novembro de 1991

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar o acto de toma de posesión dos novos alcaldes de barrio: Don José Vázquez Barbeito (Castro), Don Manuel Rey Casal (Guiliade), Don Elías Montero Agra (A Angustia), Don Roberto Ferreiro Otero (Infesta), Don José Doporto Fernández (Ponte Vella-Caraña), Don Manuel Carro Purriños (Roibeira), Don Andrés Grandal Vidal (Tiobre) e Don Antonio Sánchez Charlón (Xan Rozo).

28 de novembro de 1991

Neste día tivo lugar a inauguración das novas dependencias da Escola Taller de Betanzos, en acto presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e coa presenza do Gobernador Civil da Provincia, Don Ramón Berra Pereira, o director provincial do INEM, Don Julio Portela; o deputado provincial, Don Antonio Lagares Pérez; alcaldes da comarca, e outras representacións locais e comarcais, ademais de todo o colectivo de profesores e alumnos da entidade.

As disciplinas impartidas e os seguintes talleres son:

CANTERÍA. Rehabilitación das antigas escolas de San Francisco. 15 persoas (8 homes e 7 mulleres, 11 maiores de 25 anos).

CARPINTERÍA. Rehabilitación das antigas escolas de San Francisco. 16 persoas (14 homes, 2 mulleres, 7 de máis de 25 anos).

CONSTRUCCIÓN. Rehabilitación das antigas escolas de San Francisco. 16 persoas (todos homes, 5 de máis de 25 anos).

FORXA. Rehabilitación das antigas escolas de San Francisco. 12 persoas (9 homes e 3 mulleres, 2 maiores de 25 anos).

ATENCIÓN SOCIAL. Asistencia domiciliaria. Atención á terceira idade. Prácticas en institucións de acollida. Programa de asistencia á infancia. 20 persoas (3 homes e 17 mulleres, 12 maiores de 25 anos).

ENCOFRADOR. Instalación da rede de abastecemento de auga a núcleos rurais de Betanzos. Obras de mellora da Escola Taller. 10 persoas (todos homes, 2 maiores de 25 anos).

FONTANERÍA. Instalación da rede de abastecemento de auga a núcleos rurais de Betanzos.



Obras de mellora da Escola Taller. 10 persoas (todos homes e menores de 25 anos).

MEDIO AMBIENTE. Acondicionamento, recuperación e rehabilitación das marxes fluviais de Betanzos. Parques e xardíns do Concello, etc. 20 persoas (2 homes e 18 mulleres, 6 maiores de 25 anos).

Deste xeito, a Escola-Taller de Betanzos convértese na máis importante da Comunidade Autónoma Galega.

Decembro de 1991

Presentouse "O Concello Betanceiro: portavoz do Concello de Betanzos", nº 7. Nel aparece a programación dos actos do Nadal e Aninovo, así como diversas informacións de carácter municipal.

O CONCELLO BETANCEIRO

Dr. Solís e Lillo, Deputado



7-8 de decembro de 1991

O tradicional "Turito", acompañado de varios membros da Banda Municipal de Música, percorreu as rúas da cidade, na véspera da festividade da Inmaculada Concepción. "O Turito", que así se chamaba o muñidor da Cofradía da Concepción, acompañado de pífano e tambor, convocaba ós membros da mesma para a asistencia ás solemnidades en honra da patroa na igrexa de San Francisco.

Comenzos de decembro de 1991

Organizado pola Delegación de Cultura e Deportes en colaboración co colectivo de Educación Medioambiental, desenrolouse un curso sobre "O bosque". O día 4, "Ecología del bosque", a cargo de Don Juan Fontañá Pérez; o día 5, Don Pedro Iglesias falou da "conservación do bosque autóctono galego"; o 6, "Problemática do sector forestal", por Don José Luis Otero Pérez



17 de decembro de 1991

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a entrega dos premios do concurso de carteis navideños, acto que presidiu o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez.



18 de decembro de 1991

Con motivo do traslado ó Concello de Lugo do tesoureiro de fondos municipais, Don José Luís Pol (que estivo 22 anos en Betanzos), o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, impíxolle a insignia da cidade en recoñecemento á súa laboura.



19 de decembro de 1991

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar un acto de recepción, por parte do Alcalde e concelleiros, do Presidente do Centro Betanzos de Bos Aires, Don Osvaldo Dans.




23 de decembro de 1991


No Museo das Mariñas inaugurouse a sala adicada ás táboas do Apostolado, copia de Rubens, do s. XVII. Proceden do antigo Hospital de San Antonio de Padua e estiveron certo tempo colgadas no Concello, ata que éste decidiu restauralas, cousa que fixo a coruñesa Dona Beatriz Martínez Barbeito. Xa en agosto de 1987 se presentaron no Concello 12 táboas restauradas, sendo ese mesmo

mes obxecto dunha mostra na sala do Banco de Bilbao. A finais do dito ano inaugurouse no Museo de Belas Artes da Coruña unha mostra con elas, engadindo ademais a táboa do Salvador. Desde ese momento permaneceron expostas nesa institución, gracias á magnífica disposición do seu director Don Félix de la Fuente, mentres se rehabilitaba o mosteiro de Santo Domingo de Betanzos, sede do Museo das Mariñas. Esta sala permanente do Museo é unha xoia e marca a liña que se está a seguir ata a definitiva reinauguración de todo o conxunto.

Decembro de 1991

Deuse a coñecer a programación que para as Festas do Nadal e Aninovo organizou a Delegación de Cultura e Deportes do Concello, en colaboración con diversas entidades sociais e culturais da cidade.


EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS
9º PROGRAMA DE FESTEXOS
DE NADAL E ANINOVO
BETANZOS 1991-92



**1º PREMIO DO CONCURSO INFANTIL
DE CARTEIS NAVIDENOS**
AUTORAS: ANXA OTERO ERIAS - BERTA LUJANA GOMEZ
DELEGACION MUNICIPAL DE CULTURA,
DEPORTES E BENESTAR SOCIAL
DELEGACION MUNICIPAL DE FESTEXOS

COMPARATIVA - CONCELLO DE BETANZOS

DATOS DAS MESAS			ELECCIONS O CONGRESO (1.989)			ELECCIONS AUTONOMICAS (1.989)			ELECCIONS MUNICIPAIS (1.991)		
Nº	ENDERZO DA MESA	SEC. MESA	P.S.O.E.	P.P.	B.N.G.	P.S.O.E.	P.P.	B.N.G.	P.S.O.E.	P.P.	B.N.G.
1	POLICIA	1 A	194,00	190,00	13,00	198,00	187,00	30,00	272,00	154,00	30,00
2	SAN FRANCISCO - Dcha.	2 A	244,00	231,00	12,00	257,00	232,00	31,00	328,00	186,00	46,00
3	SAN FRANCISCO - Izda.	3 A	316,00	131,00	18,00	331,00	140,00	40,00	361,00	134,00	48,00
4	HOSP. SAN ANTONIO - Izda.	4 A	163,00	204,00	11,00	153,00	223,00	20,00	205,00	174,00	52,00
5	CENT. JUVENTUD - A	5 A	195,00	247,00	22,00	222,00	253,00	41,00	260,00	240,00	68,00
6	CENT. JUVENTUD - B	5 B	273,00	314,00	24,00	293,00	342,00	50,00	355,00	294,00	76,00
7	HOSP. SAN ANTONIO - Dcha.	6 A	271,00	312,00	21,00	290,00	313,00	55,00	354,00	260,00	81,00
8	SAAVEDRA MENESES	7 A	211,00	178,00	30,00	221,00	174,00	45,00	282,00	144,00	67,00
9	ROIBEIRA	8 A	79,00	115,00	3,00	85,00	123,00	8,00	100,00	108,00	11,00
10	GRUPO CONDESA	8 B	217,00	130,00	13,00	222,00	140,00	28,00	260,00	142,00	23,00
11	GUILIADE	9 A	170,00	108,00	5,00	206,00	118,00	1,00	225,00	131,00	16,00
12	CASTRO	10 A	59,00	55,00	1,00	90,00	50,00	4,00	102,00	48,00	6,00
13	ANGUSTIA	10 B	108,00	46,00	5,00	98,00	48,00	11,00	124,00	51,00	15,00
14	INFESTA	10 C	167,00	97,00	14,00	185,00	102,00	23,00	227,00	88,00	18,00
15	XAN ROZO	10 D	105,00	29,00	3,00	129,00	21,00	2,00	158,00	16,00	5,00
16	TIOBRE	11 A	258,00	80,00	7,00	279,00	83,00	16,00	299,00	68,00	31,00
TOTALS			3030,00	2467,00	202,00	3259,00	2549,00	405,00	3912,00	2238,00	593,00




*D. Manuel Lagares Pérez
Alcalde-Presidente*



*D.ª M.ª Asunción Sánchez Vázquez
Tte. Alcalde*



*D. Antonio Lagares Pérez
Tte. Alcalde*



*D. Antonio Carro Galeiras
Tte. Alcalde*




*D. Francisco M. Díaz Pereira
Tte. Alcalde*



*D. José R. García Vázquez
Tte. Alcalde*



*D. José Domínguez Rivas
Concelleiro*



*D. Secundino J. Fernández Alonso
Concelleiro*



*D. Carlos Romay Dopico
Concelleiro*



*D. Andrés Beade Dopico
Concelleiro*



*D. Jaime Alberto Pita Varela
Concelleiro*



*Dª Mª Dolores Faraldo Botana
Concelleira*



*D. Manuel Basteiro Fernández
Concelleiro*




*Dª Rosa Isab^l Lauda Brandariz
Concelleira*



*D. Andrés Martínez Guerra
Concelleiro*



*D. José Mª Barús Vía
Concelleiro*



*D. Andrés Otero Martínez
Concelleiro*